Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Extraer e analizar o sentido global e as ideas principais, e seleccionar de forma guiada información pertinente de textos orais, escritos e multimodais sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos soportes.	O alumno debe obter unha cualificación mínima de 5.	PE	35
CA1.2 - Interpretar e, de forma guiada, valorar o contido e os trazos discursivos de textos progresivamente máis complexos propios dos ámbitos das relacións interpersoais, dos medios de comunicación social e da aprendizaxe, así como de textos literarios adecuados ao nivel de madurez do alumnado.	O alumno debe obter unha cualificación mínima de 5.		
CA1.3 - Seleccionar, organizar e aplicar as estratexias e coñecementos máis adecuados en cada situación comunicativa para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos; inferir significados e interpretar elementos non verbais; e buscar e seleccionar información veraz.	O alumno debe obter unha cualificación mínima de 5.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Redactar e difundir textos de extensión media con aceptable claridade, coherencia, cohesión, corrección e adecuación á situación comunicativa proposta, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas, seguindo pautas establecidas, sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, respectando a propiedade intelectual e evitando o plaxio.	O alumno debe obter unha cualificación mínima de 5.		
CA1.4 - Expresar oralmente textos sinxelos, estruturados, comprensibles, coherentes e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximo á experiencia do alumnado co fin de describir, narrar e informar, en diferentes soportes, utilizando recursos verbais e non verbais, así como estratexias de planificación, e control, compensación e cooperación básicas.	O alumno debe obter unha cualificación mínima de 5.		
CA1.6 - Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias para planificar, producir, revisar e cooperar na elaboración de textos coherentes, cohesionados e adecuados ás intencións comunicativas, as características contextuais, os aspectos socioculturais e a tipoloxía textual, usando os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das necesidades da interlocutora ou do interlocutor potencial a quen vai dirixido o texto.	O alumno debe obter unha cualificación mínima de 5.		
CA1.7 - Planificar, participar e colaborar de maneira activa, a través de diversos soportes, en situacións interactivas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado mostrando iniciativa, empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores.	O alumno debe obter unha cualificación mínima de 5.	TI	65
CA1.8 - Seleccionar, organizar e utilizar de forma guiada estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións, resumir, colaborar, debater e resolver problemas.	O alumno debe obter unha cualificación mínima de 5.		
CA1.9 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas en situacións nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas, e participando na solución de problemas de intercomprensión e de entendemento na súa contorna, apoiándose en diversos recursos e soportes.	O alumno debe obter unha cualificación mínima de 5.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.10 - Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, faciliten a comunicación e sirvan para explicar e simplificar textos, e mensaxes, e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	O alumno debe obter unha cualificación mínima de 5.		
CA2.1 - Comparar e, de forma guiada, argumentar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre o seu funcionamento.	O alumno debe obter unha cualificación mínima de 5.		
CA2.2 - Utilizar de forma creativa estratexias e coñecementos de mellora da capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	O alumno debe obter unha cualificación mínima de 5.		
CA2.3 - Rexistrar e analizar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades e consolidar o seu progreso, facéndoos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe.	O alumno debe obter unha cualificación mínima de 5.		
CA3.1 - Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns, e propondo con axuda vías de solución a aqueles factores socioculturais que dificulten a comunicación.	O alumno debe obter unha cualificación mínima de 5.		
CA3.2 - Valorar criticamente en relación cos dereitos humanos e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira, favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida e unha cidadanía comprometida coa sustentabilidade e os valores democráticos.	O alumno debe obter unha cualificación mínima de 5.		
CA3.3 - Aplicar estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	O alumno debe obter unha cualificación mínima de 5.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<p>- Estratexias e técnicas para a adquisición e o desenvolvemento da autoconfianza e da iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.</p> <p>- Estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a</p>

Contidos

- coprodución de textos orais, escritos e multimodais.
- Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás.
- Funcións comunicativas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar e despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos, lugares, fenómenos e acontecementos; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; dar e pedir instrucións, consellos e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e as emocións; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión, a posibilidade, a capacidade, a obrigação e a prohibición; expresar argumentacións sinxelas; realizar hipótese e suposicións; expresar a incerteza e a dúbida; reformular e resumir.
- Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero, a función textual e a estrutura.
- Unidades lingüísticas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas habituais.
- Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas, lecer e tempo libre, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e a comunicación, sistema escolar e formación.
- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.
- Convencións ortográficas de uso común e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos.
- Convencións e estratexias conversacionais de uso común, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater etc.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.
- Ferramentas analóxicas e dixitais de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de fluidez, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas de uso común para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- Expresións e léxico específico de uso común para intercambiar ideas sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, como fonte de información, e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.

Contidos

- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos de uso común relativos á vida cotiá, ás condicións de vida e as relacións interpersoais; convencións sociais de uso común; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, normas, actitudes, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias de uso común de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Empregarase unha metodoloxía comunicativa.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materiais e recursos

Os materiais e recursos didácticos serán moi variados, de xeito que a través da diversidade de materiais o alumnado poida acadar grande parte dos obxectivos e competencias da etapa, ademais de fomentar a metodoloxía significativa e o traballo autónomo.

Materiais curriculares para 3º ESO:

- On Track 3: Ed. Oxford University Press, 2022. Libro de Texto (Student's book), que ten a seguinte estrutura:

1 unidade de repaso, Starter, para revisar o vocabulario e a gramática base, 8 unidades principais, 12 seccións culture e CLIL con vídeos documentais, 2 seccións de Literature e 4 situacións de aprendizaxe (Learning situations). Tamén se conta cun Language summary para cada unidade que proporciona unha referencia moi útil que recolle os bloques de vocabulario, as estruturas gramaticais e a linguaxe funcional, xunto coa lista de verbos irregulares (2 páxinas).

Dispón ademais da versión dixital do Student's book con exercicios interactivos e puntuación automática que inclúe todos os vídeos e audios.

A profesora dispón da Guía didáctica (Teacher's guide), cunha introdución e anotacións sobre a metodoloxía de On Track. Conta con suxerencias e recomendacións para capacidades mixtas en tres niveis: Basic, Standard e Challenge. Tamén dispón do Workbook e o Essential Workbook, así como acceso ao Active Learning Kit e todo o iPack, ademais de todos os recursos descargables na web www.oxfordpremium.es.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O alumnado realizará varias probas na que se avaliarán as catro destrezas comunicativas (comprensión oral e escrita e expresión oral e escrita) e a gramática e o vocabulario, co obxectivo de coñecer o nivel de lingua a principio de curso.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	34	33	33	100
Proba escrita	35	35	35	35
Táboa de indicadores	65	65	65	65

Criterios de cualificación:

ESTÁNDARES E ELEMENTOS A AVALIAR. PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. PESO NA NOTA.

Comprensión de textos orais (Listening): 10%

P - Proba(s) escrita(s) de comprensión de textos orais.

I - Rexistro cualitativo das probas.

Producción de textos orais (Speaking): 20 %

P - Observación da expresión oral individual e da interacción (presentacións + interacción + mediación).

I - Rexistro cualitativo das intervencións/presentacións con rúbrica. Cada presentación oral terá a súa propia rúbrica en función dos obxectivos concretos en relación ao léxico requirido, puntos gramaticais, organización, pronunciación e, en definitiva, ao desenvolvemento das ideas (omite, menciona, expande). Na interacción e mediación na clase valórase que o alumnado intente falar sempre en inglés (gradación en sempre, case sempre, normalmente, ás veces, rara vez, nunca), que respecte os turnos de palabra, que axude aos demais cando se traballa en equipo/parellas e que contribúa a crear un bo ambiente de clase no que a lingua de uso habitual sexa o inglés.

Comprensión de textos escritos (Reading): 10 %

P - Proba(s) escrita(s) de comprensión lectora.

I - Rexistro cualitativo das probas.

Producción de textos escritos (Writing): 20 %

P - Proba(s) de produción escrita.

I - Rúbrica e rexistro das probas.

A rúbrica gradúa en función do cumprimento da tarefa (contido e organización), gramática e vocabulario. A redacción ten que cumprir enteiramente coa tarefa, desenvolver todos os elementos de contido, comunicar a mensaxe con claridade, ideas ben conectadas (usa elementos cohesivos), ser coherente, facer un uso efectivo dos parágrafos, ortografía correcta e bo uso dos signos de puntuación. Debe usar distintas e variadas estruturas lingüísticas, corrección gramatical e usar un amplo abano léxico do nivel requirido.

Plurilingüismo e reflexión sobre a aprendizaxe: 30 %

P - Exercicios específicos de gramática, vocabulario, fonética e interculturalidade.

I - Rexistro cualitativo das probas.

Traballo de aula e casa (classwork and homework): 10 %

P - Observación do traballo e da contribución que aporta.

I - Rexistro cualitativo e cuantitativo. Rúbrica.

A rúbrica valora que o alumnado sempre traballe, que coopere coa profesora de maneira entusiasta, que tome a iniciativa para dar ideas e respostas, que cree un bo ambiente de aula para facilitar a aprendizaxe de todos, que traballe ben en equipo, que faga progreso e que sexa respectuoso/a coa profesora e con todos os compañeiros/as.

Os procedementos establecidos polo departamento para superar a materia de inglés son os seguintes:

- a. O alumnado superará a materia en cada unha das avaliacións parciais cando acade como mínimo 5 puntos sobre 10, obtidos da media das distintas partes a avaliar ta e como está arriba indicado.
- b. O alumnado que supere o 3º parcial cunha nota igual ou superior a 5 puntos aprobará a materia do curso. Isto débese ao carácter sumativo que presenta a aprendizaxe de linguas, de modo que as probas do 3º parcial van incluír todos os contidos que se traballaron ao longo do curso.
- c. As partes cuxa avaliación se realice por medio de proba terán unha proba por avaliación.
- d. No caso de que o/a alumno/a utilice métodos fraudulentos durante a realización dunha proba, esa proba en concreto levará a cualificación mínima.

Criterios de recuperación:

O alumnado que non supere a materia no 3º parcial de maio/xuño ten a posibilidade de realizar outra proba similar antes da sesión de avaliación do 24 de xuño. Este alumnado será avaliado, en principio, segundo os mesmos criterios, anteriormente sinalados.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

A materia de Inglés ten carácter progresivo, de tal xeito que todos os contidos de 3º ESO volven a aparecer no curso presente. Ás actividades de recuperación faráselle o seguimento poñendo especial atención no progreso do alumnado e na actitude cara todo o entorno de aprendizaxe.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A partir das tarefas que se realicen durante o curso, valorarase o grao mínimo de consecución dos criterios de avaliación de 3º ESO, aplicando as seguintes porcentaxes:

30%: Participación activa da alumna/o nas tarefas de clase, amosando actitude positiva e respecto por todos os interlocutores (profesoras, compañeiros e compañeiras) e todo o entorno de aprendizaxe.

Realización de actividades na casa.

Realización das tarefas de expresión oral.

70%: Evolución e progreso realizado desde o inicio de curso cuantificado a partir dos resultados nas probas do curso presente. Os pesos das distintas partes son os seguintes:

10%: Comprensión oral .

10%: Comprensión escrita.

20%: Expresión escrita. (A redacción seguirá un modelo pautado con frases xa iniciadas).

30%: Tarefas de coñecemento de gramática e vocabulario.

ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS QUE SE UTILIZARÁN NO DESENVOLVEMENTO DO PLAN

- Seguimento do traballo e a evolución do alumnado.

- Axuda extra para actividades de produción escrita (modelos pautados nos cales só teña que substituír certos elementos dados).

- Tarefas de produción oral nas que pode comunicar de xeito básico, con estruturas lingüísticas simples.

- Probas escritas.

6. Medidas de atención á diversidade

O aspecto máis notable da diversidade nas nosas clases é a diferenza de niveis. Esta diferenza non debemos contemplala como algo anormal, senón como a consecuencia lóxica da interacción dunha serie de factores: intelixencia xeral, aptitude lingüística, motivación e personalidade, situación socioeconómica da familia, diversidade de países de procedencia, entre outros. Estes factores levan parello ritmos diferentes de interiorización do idioma estranxeiro.

Na actualidade está cobrando relevancia o concepto de educación inclusiva polo que esperamos varios estilos de aprendizaxe por parte dos alumnos e, así mesmo, diversos estilos de ensino por parte do profesorado. Isto implica a detección das necesidades específicas e o establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade. A este respecto, debe considerarse o deseño de actividades de aprendizaxe de acceso universal (DUA) para atender mellor á diversidade do alumnado favorecendo darlle unha atención individualizada.

Teremos en conta as distintas capacidades para aprender a aprender do alumnado sen que isto sexa sinónimo da súa

capacidade intelectual xa que todos son capaces de alcanzar un nivel mínimo independentemente do ritmo de traballo que poida ter cada un. Deste xeito faremos unha reciclaxe continua de estruturas e vocabulario, ofrecendo amplas oportunidades de reforzo aos alumnos con menos capacidade e, por outro, facilitando a ampliación de materia aos que teñen máis nivel. Así as actividades estarán graduadas de menor a maior dificultade e de maior a menor control.

Por outra banda, a motivación do alumnado para aprender é moi complexa, pois depende de diversos factores como o historial de éxito ou de fracaso que tivesen até ese momento e do proceso de aprendizaxe que se segue. Isto influirá notablemente tanto no nivel de motivacións individuais como na forma de presentarles todos os contidos polo que é importante adaptar os contidos ás súas idades, experiencias e contorna.

Tamén é relevante ter en conta os estilos de aprendizaxe e a modalidade sensorial preferente dos alumnos (visual, auditiva ou quinesiológica), para levar á práctica o aprendido.

Poremos especial énfase na atención á diversidade do alumnado unha vez que o departamento de Orientación comunique a detección das necesidades específicas establecendo mecanismos de apoio e reforzo na aula.

As medidas inmediatas a adoptar con este alumnado son:

- Colocación na aula.
- Establecemento de normas e explicacións claras
- Adecuación de material de clase aos niveis de reforzo e ampliación
- Coordinación coas familias

E ademais:

- Pautas establecidas TEA, TDAH e de dislexia.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Igualdade de xénero	X	X	X
ET.2 - Acoso escolar	X	X	X
ET.3 - Sostibilidade e consumo responsable	X	X	X
ET.4 - Privacidade e seguridade na rede.	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Dolly e a súa vida nas Filipinas	Actividades de interacción coa asistente de conversa.	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico

Poténcianse estratexias tanto de comprensión como de expresión oral e escrita.
Préstase atención aos elementos transversais.
Metodoloxía empregada
Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.
Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.e baixo. Pódense incluír observacións.
Analízanse e coméntase co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos etc.
Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Combínase o traballo individual e en equipo.
Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino-aprendizaxe.
Medidas de atención á diversidade
Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.
Elabóranse actividades atendendo á diversidade.
Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.
Clima de traballo na aula
Poténcianse estratexias de animación á lectura.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas, traballos etc.
Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.

Descrición:

Hai 14 indicadores de logro. Os niveis de logro son alto, medio e baixo. Pódense incluír observacións.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

- 1- Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.
- 2- O desenvolvemento da programación respondeu á planificación temporal prevista.
- 3- Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.
- 4- Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
- 5- Adecuación do libro de texto.
- 6- Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua.
- 7- Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.
- 8- Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento das materias pendentes.
- 9- Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes.
- 10- Adecuación dos exames.
- 11- Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.

- 12- Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación e instrumentos.
- 13- Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.
- 14- Contribución desde a materia ao plan lector do centro.
- 15- Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.
- 16- Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.

9. Outros apartados